

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

PRIMARIA

ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA  
(PLÁSTICA)

CURSO ESCOLAR: 2022/2023

CEIP DE PONZOS

## ÍNDICE

1. Introducción e contextualización.....	3
2. Linguas nas que se imparte a materia .....	3
3. Contribución ao desenvolvemento das competencias claves.....	3
4. Concreción dos obxectivos para cada curso .....	4
5. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable: .....	5
4.1. Temporalización.....	5
2º Educación Primaria .....	5
4º Educación Primaria.....	8
6º Educación Primaria.....	13
4.2. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	19
6. Plan de reforzo .....	19
7. Concrecións metodolóxicas que require a materia .....	19
8. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	21
9. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	23
10. Medidas de atención á diversidade.....	24
11. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda..	24
12. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora .....	25

## 1. Introducción e contextualización

Esta programación didáctica vaise impartir no CEIP de Ponzos no Concello de Ferrol que está situado na rúa Rúa Ponzos S/N, esta é unha zona de ámbito urbano, na zona da periferia e que ten un nivel socioeconómico mixto. No curso 2022-2023 contamos con:

- 1º Primaria: 25 alumnos/as.
- 2º Primaria: 25 alumnos/as.
- 3º Primaria: 25 alumnos/as.
- 4ºA Primaria: 15 alumnos/as
- 4ºB Primaria: 15 alumnos/as
- 5ºA Primaria: 15 alumnos/as
- 5ºB Primaria: 15 alumnos/as
- 6º A Primaria: 15 alumnos/as
- 6º B Primaria: 15 alumnos/as

O CEIP cumpre os requisitos mínimos establecidos no Real Decreto 132/2010 do 12 de febreiro polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten ensinanzas de réxime xeral non universitaria. A súa xornada lectiva é continua, de 9:00h a 14:00h.

## 2. Linguas nas que se imparte a materia

A materia de Educación Artística (Plástica), impartirase en lingua inglesa nos cursos de 1º e 2º de Educación Primaria, en **sección bilingüe**. No resto dos cursos da etapa de Primaria, de 3º a 6º, a materia impartirase en lingua castelá.

## 3. Contribución ao desenvolvemento das competencias claves

-Competencia en comunicación lingüística: contribúe a esta competencia especialmente a través das destrezas orais; que se corresponden con falar e escoitar; xa que moitas veces pedirase ao alumnado que se exprese tanto para realizar descrições como para comentar o traballo de si mesmo/a e dos/das demais.

-Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía: esta competencia vese reflexada en diferentes aspectos: o tratamento das formas xeométricas, a figura humana, o representación do espazo, eixe de simetría, as proporcións, conceptos de horizontalidade e verticalidade, suma e resta de ángulos ou a utilización de diferentes instrumentos de debuxo.

-Competencia dixital: é a menos traballada, pero vémosla reflectida especialmente, nos cursos máis altos a través da elaboración de carteis con programas informáticos, o manexo de programas informáticos sinxelos para elaborar e editar imaxes, a realización de sinxelas obras de animación, o uso das TICs para indagar e coñecer expresións artísticas e culturais, busca de información sobre diferentes autores e estilos, realiza diferentes creacións plásticas con programas sinxelos

-Aprender a aprender: para esta materia é importante que o alumnado realice descrições e analice diferentes aspectos relacionados con obras artísticas, por exemplo, mediante a observación e a exploración ou a experimentación con diferentes materiais.

-Competencias sociais e cívicas: trabállase a través do respecto entre compañeiros/as, aprendendo a escoitar e respectar os pensamentos doutros. A principal norma básica é levantar a man para participar e respectar o turno. Tamén terase en conta o coidado dos diferentes materiais e utensilios que se utilicen na aula.

-Sentido de iniciativa e espírito emprendedor: trabállase a través dos traballos colectivos, ben en parellas ou grupos máis grandes, onde entre todos teñen que tomar decisións, e realizar roles de liderazgo e delegación, entre outros. Ademais, en todas as tarefas de creación, pídeselle imaxinación e creatividade e asumir riscos para realizar a tarefa.

-Conciencia e expresións culturais: trabállase a través do respecto e do coñecemento das diferentes manifestacións artísticas, autores e obras. Finalmente, tamén se traballa a través das festividades como Halloween, Christmas, etc.

#### **4. Concreción dos obxectivos para cada curso**

A materia de Plástica traballa cos obxectivos da etapa:

- **2º EP:** a, b, c, e, g, h, j.
- **4º EP:** a, b, d, e, g, i, j.
- **6º EP:** a, b, d, e, g, i, j.

## 5. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable:

### 4.1. Temporalización.

#### 2º Educación Primaria

Estándares	T1	T2	T3	C.C
EPB1.1.1. Describe e identifica as calidades e as características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial.	x			✓ CCEC ✓ CCL
EPB1.2.1. Usa termos sinxelos e adecuados para comentar as obras plásticas observadas.	x	x	x	✓ CCL ✓ CCEC
EPB1.2.2. Describe con termos propios da linguaxe as características de feitos artísticos e os seus creadores presentes no contorno.	x	x	x	✓ CCL ✓ CCEC
EPB1.3.1. Realiza debuxos e colorea con diferentes tonalidades.	x	x	x	✓ CCL ✓ CCEC
EPB1.3.2. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as diferentes formas, cores e texturas.	x	x	x	✓ CCEC
EPB1.4.1. Identifica diferentes formas de representación do espazo.		x		✓ CCL ✓ CCEC
EPB1.4.2. Representa de diferentes maneiras o espazo.		x		✓ CCEC
EPB1.5.1. Practica con precisión o recorte, o pegado, o pintado etc.		x		✓ CCEC ✓ CAA
EPB2.1.1. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as cores.		x	x	✓ CCEC ✓ CAA

EPB2.1.2. Realiza correctamente mesturas de cores primarias.		x		✓ CCEC ✓ CAA
EPB2.1.3. Clasifica e ordena as cores primarias ( maxenta, cian e amarelo ) e secundarias ( verde, violeta e vermello) no círculo cromático, e utilízalas con sentido nas súas obras.		x		✓ CCEC ✓ CAA
EPB2.1.4. Coñece a simboloxía das cores frías e cálidas, e aplica estes coñecementos para transmitir diferentes sensacións nas composicións plásticas que realiza.		x		✓ CCEC CAA
EPB2.2.1 Utiliza o punto, a liña e o plano ao representar o entorno próximo e o imaxinario.			x	✓ CCEC
EPB2.2.2. Realiza composicións plásticas que representan o mundo imaxinario, afectivo e social.	x	x	x	✓ CCEC ✓ CSC
EPB2.3.1. Practica con precisión o recorte e o encartado para crear obras bidimensionais e tridimensionais.			x	✓ CCEC ✓ CAA
EP2.3.2. Utiliza a técnica de colaxe para realizar unha obra persoal con limpeza e precisión.			x	✓ CCEC ✓ CAA
EP2.4.1. Utiliza liñas e formas xeométricas nos debuxos.			x	✓ CCEC ✓ CAA
EP2.4.2. Emprega ferramentas básicas do debuxo (regra e escuadro) para realizar diferentes formas xeométricas.			x	✓ CCEC ✓ CAA
EP2.4.3. Manexa a cuadrícula para respectar as proporcións das formas.			x	✓ CCEC ✓ CAA
EP2.5.1. Debuxa a figura humana e diferencia as principais partes.	x			✓ CCEC

				✓ CMCC T
EP2.6.1. Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual.			x	✓ CCEC
EP2.6.2. Deseña sinxelas creacións plásticas despois de recoller información por medios audiovisuais.			x	✓ CCEC ✓ CD
EP2.7.1. Coida o material e respecta as normas preestablecidas.	x	x	x	✓ CSC
EP2.8.1. Amona interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo.	x	x	x	✓ CSC

#### 4º Educación Primaria

Estándares	T1	T2	T3	C.C
EPB1.1.1. Analiza, de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía axeitada, imaxes fixas atendendo ao tamaño, formato, elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz, función, ...).		X	X	✓ CCEC ✓ CCL ✓ CAA
EPB1.1.2. Elabora carteis con diversa información considerando os conceptos de tamaño, equilibrio, proporción e cor, e engadindo textos utilizando a tipografía máis axeitada á súa función.		X	X	✓ CCL ✓ CAA ✓ CCEC
EPB1.1.3. Secuencia unha historia en diferentes viñetas nas que incorpora imaxes e textos seguindo o patrón do cómic.	X	X		✓ CCEC ✓ CCL ✓ CAA
EPB1.1.4. Interpreta e comenta, de forma oral e escrita, o contido das imaxes dunha obra artística concreta.	X	X	X	✓ CCL ✓ CCEC ✓ CSC
EPB1.2.1. Representa formas naturais e artificiais presentes no contexto, utilizando instrumentos, técnicas e materiais adecuados na súa obra persoal.		X	X	✓ CCEC ✓ CSIEE
EPB1.2.2. Clasifica texturas, formas e cores, atendendo a distintos criterios (similitude, diferenza, tacto, dureza etc.)	X	X		✓ CCEC ✓ CCL
EPB1.2.3. Identifica a influencia dos fondos de cor.	X	X	X	✓ CCEC
EPB1.2.4. Recoñece e interpreta de forma oral e escrita o contido das imaxes nunha obra artística.			X	✓ CCL ✓ CCEC ✓ CSC
EPB1.2.5. Identifica as formas de representar a figura humana nas obras.		X	X	✓ CCL ✓ CMCC T



EPB1.3.1. Describe profesións relacionadas coas artes plásticas e visuais.	X	X	X	✓ CCL ✓ CCEC ✓ CSC
EPB1.3.2. Procura información sobre artistas plásticos/as da propia cultura ou alleos, en relación coas características da súa obra.		X	X	✓ CCL ✓ CCEC ✓ CSC ✓ CD
EPB1.3.3. Expresa as sensacións e as apreciacións persoais sobre as obras plásticas dun autor ou dunha autora cun criterio artístico.	X			✓ CCL ✓ CCEC ✓ CSIEE ✓ CD
EPB1.4.1. Interpreta e valora a información obtida de imaxes no contexto social, e elabora e comunica informacións básicas.		X	X	✓ CCL ✓ CAA ✓ CCEC
EPB1.4.2. Identifica a posición dos elementos plásticos tendo en conta técnicas espaciais.		X	X	✓ CCEC ✓ CSC ✓ CMCC T
EPB2.1.1. Representa formas naturais e artificiais con diferentes formas, cores, texturas e materiais.	X	X	X	✓ CCEC
EPB2.1.2. Consegue dar sensación de profundidade e volume ás súas creacións.		X	X	✓ CCEC ✓ CSIEE
EPB2.1.3. Utiliza as cores, as mesturas e a tonalidade con sentido estético, de forma cada vez máis autónoma.	X	X		✓ CCEC ✓ CSIEE
EPB2.1.4. Realiza unha obra con materiais téxtiles de refugo.	X	X	X	✓ CSIEE ✓ CCEC
EPB2.1.5. Experimenta con materiais e texturas para creacións orixinais, integrándoos de diferentes maneiras.	X	X	X	✓ CAA ✓ CCEC
EPB2.1.6. Utiliza ceras, rotuladores, tintas, plumas etc. para os debuxos usando liñas grosas, finas, sombras, manchas etc.	X	X	X	✓ CCEC ✓ CSIEE

EPB2.1.7. Representa obxectos coa técnica da esfumaxe.			X	✓ CCEC
EPB2.1.8. Utiliza e mestura técnicas (acuarela, témperas etc.) con finalidade estética.		X	X	✓ CCEC ✓ CSIEE
EPB2.1.9. Identifica as formas en que está representada a figura humana nas obras plásticas.		X	X	✓ CCEC ✓ CSC
EPB2.1.10. Representa imaxes usando diferentes características da cor.		X	X	✓ CCEC
EPB2.1.11. Utiliza diferentes materiais e texturas (arxila, tecidos, papel etc.) para as súas creacións plásticas.		X	X	✓ CCEC ✓ CSIEE
EPB2.1.12. Recorta, encarta e pega con precisión, con distintos materiais e texturas, creando formas tridimensionais.	X	X	X	✓ CCEC
EPB2.2.1. Utiliza a cuadrícula como un elemento que estrutura o espazo gráfico.		X	X	✓ CCEC ✓ CMCC T
EPB2.2.2. Traza formas xeométricas con precisión, coa axuda das ferramentas básicas (regra, escuadro e cartabón).			X	✓ CCEC ✓ CMCC T
EPB2.2.3. Aplica nocións métricas e de perspectiva á construción de estruturas e á transformación do espazo.			X	✓ CCEC ✓ CMCC T
EPB2.2.4. Realiza trazados con precisión utilizando ferramentas básicas.		X	X	✓ CCEC ✓ CMCC T
EPB2.2.5. Manexa e utiliza escalas e proporcións axeitadas para representar obxectos.			X	✓ CCEC ✓ CMCC T

EPB2.2.6. Realiza composicións plásticas con figuras xeométricas, apreciando o valor expresivo da cor.			X	✓ CCEC ✓ CSIEE
EPB2.2.7. Debuxa persoas e obxectos a través dun eixe de simetría.			X	✓ CCEC ✓ CMCC T
EPB2.3.1. Coñece e utiliza recursos tecnolóxicos para obter información sobre o contexto artístico e cultural para as súas producións.			X	✓ CCEC ✓ CD
EPB2.3.2. Coñece e utiliza recursos tecnolóxicos básicos para a elaboración das propias creacións.			X	✓ CCEC ✓ CD ✓ CAA
EPB2.3.3. Procura imaxes en soporte dixital para as organizar e as transformar nunha produción propia (novela, historieta, cartel, mural, esquematización dunha lección da clase etc.).		X	X	✓ CD ✓ CAA
EPB2.3.4. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para coñecer expresións artísticas e culturais dos pobos do mundo.		X	X	✓ CSC ✓ CCEC ✓ CD
EPB2.4.1. Organiza e planifica o seu propio proceso creativo partindo da idea, recollendo información bibliográfica, dos medios de comunicación ou da internet, desenvolvéndoa en esbozos e elixindo os que mellor se adecúan aos seus propósitos na obra final, sen utilizar elementos estereotipados, sendo capaz de compartir cos compañeiros e compañeiras o proceso e o produto final obtido.			X	✓ CSIEE ✓ CAA ✓ CSC
EPB2.4.2. Elabora bosqueños e deseños para axustar o proceso de creación individual ou en grupo, e presenta os traballos con orde e limpeza.			X	✓ CSIEE ✓ CAA ✓ CCEC

EPB2.5.1. Desenvolve hábitos de orde e limpeza, e usa de forma responsable e axeitada os materiais, os instrumentos e os espazos.	X	X	X	✓ CSC ✓ CSIEE
EPB2.5.2. Presenta as tarefas con orde e limpeza, respectando as normas e as indicacións establecidas, e crea hábitos de traballo.	X	X	X	✓ CSC ✓ CSIEE ✓ CCEC ✓ CAA
EPB2.5.3. Selecciona e utiliza as materias de forma apropiada e responsable, segundo as súas posibilidades plásticas e os resultados marcados.	X	X	X	✓ CCEC ✓ CSIEE

## 6º Educación Primaria

Estándares	T1	T2	T3	C.C
EPB1.1.1. Observa e explica aspectos, calidades e características das obras artísticas seguindo un protocolo.	X			✓ CCL ✓ CCEC ✓ CSC
EPB1.1.2. Utiliza a observación e a percepción visual para interpretar imaxes.	X			✓ CCEC ✓ CAA
EPB1.1.3. Reflexiona sobre o proceso de elaboración dunha composición plástica.	X			✓ CCEC ✓ CAA
EPB1.1.4. Recoñece materiais e recursos plásticos nas imaxes e nas composicións plásticas.	X			✓ CCEC ✓ CCL
EPB1.1.5. Aprecia as diferenzas entre as formas xeométricas do seu contexto próximo.	X	X		✓ CCEC ✓ CCL
EPB1.1.6. Analiza as posibilidades de texturas, formas, cores e materiais aplicados sobre soportes distintos.	X			✓ CCEC ✓ CCL
EPB1.2.1. Analiza de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía axeitada imaxes fixas atendendo ao tamaño, ao formato e aos elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz e función).	X	X		✓ CCEC ✓ CCL
EPB1.2.2 Coñece a evolución da fotografía desde o branco e negro á cor, do formato de papel ao dixital, e valora as posibilidades que trae consigo a fotografía.			X	✓ CCEC ✓ CCL
EPB1.2.3. Recoñece os temas da fotografía.			X	✓ CCEC ✓ CCL

EPB1.2.4. Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, analizando a posteriori a adecuación do encadramento ao propósito inicial.			X	✓ CCEC ✓ CAA ✓ CCL
EPB1.2.5. Recoñece o cine de animación como un xénero do cine e comenta o proceso empregado para a creación, a montaxe e a difusión dunha película de animación, realizado tanto coa técnica tradicional como coa técnica actual.			X	✓ CCEC ✓ CCL ✓ CAA
EPB1.2.6. Secuencia unha historia en viñetas nas que incorpora imaxes e textos, seguindo o patrón do cómic.		X		✓ CCEC ✓ CAA
EPB1.2.7. Realiza sinxelas obras de animación para familiarizarse cos conceptos elementais da creación audiovisual: guión, realización, montaxe, son.			X	✓ CCEC ✓ CAA ✓ CD
EPB1.3.1. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar, modificar tamaño, cor, brillo, contraste, ...) que lle serven para a ilustración de textos.			X	✓ CD ✓ CSC
EPB1.3.2. Coñece os protocolos de actuacións para a difusión de imaxes propias ou alleas, e respecta a propiedade intelectual de cada persoa..			X	✓ CSC ✓ CD
EPB2.1.1. Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, coidando o material e o espazo de uso.	X			✓ CCEC ✓ CAA
EPB2.1.2. Fai composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, alegría, tristura etc.) coa axuda de diversos recursos para cada caso (claroscuro, puntos, liñas, cores etc.).	X	X		✓ CCEC ✓ CAA

EPB2.1.3. Debuxa obxectos cotiáns, ideas, accións e situacións.	X	X		✓ CCEC ✓ CAA
EPB2.1.4. Experimenta con materiais e texturas gráficas con creatividade e soltura.	X	X		✓ CAA ✓ CCEC
EPB2.1.5. Valora os elementos e os recursos empregados para alcanzar o efecto que máis se axuste ás propias necesidades.	X	X	X	✓ CAA ✓ CCEC
EPB2.1.6. Distingue e explica as características da cor en canto a súa luminosidade, tono e saturación, aplicándoas cun propósito concreto nas súas producións.	X			✓ CAA ✓ CCEC
EPB2.1.7. Obtén diversas texturas a partir da aplicación da cor.	X			✓ CAA ✓ CCEC
EPB2.1.8. Executa composicións pareadas nas que aparecen as cores complementarias respectivas	X			✓ CAA ✓ CCEC
EPB2.1.9. Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, tamaños e cores axeitadas (paisaxe, bodegón etc.).	X	X		✓ CCEC ✓ CAA
EPB2.1.10. Explica coa terminoloxía aprendida o propósito dos seus traballos e as características dos mesmos.	X	X	X	✓ CCEC ✓ CCL
EPB2.2.1. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.	X	X		✓ CCEC ✓ CAA
EPB2.2.2. Experimenta coa superposición de planos para crear volumes.			X	✓ CCEC ✓ CAA
EPB2.2.3. Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade.			X	✓ CCEC ✓ CAA

EPB2.2.4. Fai obxectos tridimensionais utilizando o recorte, o encartado e o pegado de pezas de diversas formas, utilizando diversos tipos de materiais.			X	✓ CCEC ✓ CAA
EPB2.3.1. Recoñece, respecta e valora as manifestacións artísticas máis importantes do patrimonio cultural e artístico español, nomeadamente aquelas que foron declaradas Patrimonio da Humanidade.			X	✓ CSC ✓ CCEC
EPB2.3.2. Aprecia as posibilidades que ofrecen os museos de coñecer obras de arte expostas neles e goza con elas.			X	✓ CSC ✓ CCEC
EPB2.3.3. Coñece algunha profesión do ámbito artístico, interésase polas características do traballo de artistas e artesáns ou artesás, e goza como público coa observación das súas producións.			X	✓ CSC ✓ CCEC
EPB2.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e documentación para a creación de producións propias.			X	✓ CD ✓ CCEC
EPB2.4.2. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar; modificar tamaño, cor, brillo, contraste etc.) que serven para a ilustración de textos.			X	✓ CD ✓ CCEC
EPB2.4.3. Elabora e prepara documentos propios da comunicación artística (carteis, guías ou programas).		X	X	✓ CCEC ✓ CD
EPB2.5.1. Produce obras plásticas, logo de escoller as técnicas e os instrumentos máis axeitados para conseguir unha finalidade determinada.		X	X	✓ CCEC ✓ CAA



EPB2.5.2. Respeita os materiais, os utensilios e os espazos.	X	X	X	✓ CSC ✓ CCEC
EPB2.5.3. Amona interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira.	X	X	X	✓ CSC ✓ CCEC
EPB 2.5.4. Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades.	X	X	X	✓ CSC ✓ CCEC ✓ CAA
EPB3.1.1. Identifica os conceptos de horizontalidade e verticalidade, e utilízalos nas súas composicións con fins expresivos.	X	X		✓ CCEC ✓ CAA ✓ CMCC T
EPB3.1.2. Traza rectas paralelas e perpendiculares, usando o escuadro e o cartabón.		X		✓ CCEC ✓ CAA ✓ CMCC T
EPB3.1.3. Utiliza a regra considerando o milímetro como unidade de medida habitual aplicada ao debuxo técnico.		X		✓ CCEC ✓ CMCC T
EPB3.1.4. Suma e resta segmentos utilizando a regra e o compás.		X		✓ CMCC T ✓ CCEC
EPB3.1.5. Calcula graficamente a mediatriz dun segmento utilizando a regra e o compás.		X		✓ CMCC T ✓ CCEC
EPB3.1.6. Traza círculos co compás coñecendo o raio.		X		✓ CMCC T
EPB3.1.7. Divide a circunferencia en dúas, tres, catro e seis partes iguais, utilizando o material propio do debuxo técnico.		X		✓ CMCC T ✓ CCEC

EPB3.1.8. Aplica a división da circunferencia á construción de estrelas e elementos florais aos que posteriormente lles dá cor.		X		✓ CCEC ✓ CMCC T ✓ CAA
EPB3.1.9. Continúa series con motivos xeométricos (rectas e curvas) utilizando unha cuadrícula propia facilitada cos instrumentos propios do debuxo técnico.		X		✓ CCEC ✓ CAA
EPB3.1.10. Suma e resta ángulos de 90, 60, 45 e 30 graos utilizando o escuadro e o cartabón.		X		✓ CMCC T
EPB3.1.11. Analiza a realidade descompóndoa en formas xeométricas básicas e trasladándoa a composicións bidimensionais.		X		✓ CCEC ✓ CAA
EPB3.1.12. Identifica nunha obra bidimensional formas xeométricas simples.		X		✓ CCEC ✓ CMCC T
EPB3.1.13. Realiza composicións utilizando formas xeométricas suxeridas polo ou pola docente.		X		✓ CCEC ✓ CMCC T ✓ CSIEE
EPB3.1.14. Coñece e comprende o termo de escala e é capaz de aplicalo cambiando a escala dun debuxo sinxelo mediante o uso de cuadrícula.		X		✓ CMCC T ✓ CCEC
EPB3.1.15. Recoñece, clasifica e constrúe os polígonos elementais, apreciando as súas diferenzas e similitudes.		X		✓ CMCE T ✓ CCEC
EPB3.2.1. Coñece e aprecia o resultado da utilización correcta dos instrumentos de debuxo, e valora a precisión dos resultados.		X		✓ CCEC ✓ CAA ✓ CMCC T

## 4.2. Procedementos e instrumentos de avaliación

Procedementos	Instrumentos
Observación sistemática	Anecdotalario Escala de observación
Análise das producións dos alumnos/as	Producións orais Fichas e/ou libro.

### Anecdotalario

Como ben indica o propio termo, anotaranse o que saia da normalidade dentro dos estándares marcados, dando por feito que se non hai anotacións é porque cumpre co estándar.

A maiores, os traballos que computarán para o cálculo da nota relacionada coa Competencia Social e Cívica, usará este instrumento de avaliación.

### Escalas de observación

As escalas de observación usaranse á hora de realizar preguntas-respostas moi específicas. A nota calcularase proporcionalmente co número total de items, sendo a metade deles, un 5, e o máximo de acertos un 10.

## 6. Plan de reforzo

Tendo en conta a importancia de seguir unha aprendizaxe baseada en competencias, abordando os contidos dende un enfoque globalizado e interdisciplinar, cabe destacar os seguintes aspectos con respecto ao curso 2022/2023:

Debido a que a materia de *Educación Artística (Plástica)* é unha materia non só artística/motriz pero tamén lingüística. Polo tanto, certos contidos máis puramente motrices non traballados no curso anterior terán que ser traballados agora no primeiro trimestre e os relacionados coa lingua inglesa, ao ser unha lingua teñen un carácter continuo.

## 7. Concrecións metodolóxicas que require a materia

A continuación menciónanse as principais liñas metodolóxicas da área:

- O fomento da competencia comunicativa: darase importancia a utilización axeitada da lingua para expresarse. Así mesmo, se fará especial fincapé no respecto dos turnos de palabra.
- Unha rutina ao longo da sesión.
  - Introducción e/ou repaso do anterior a través de tormenta de ideas.
  - Averiguar que saben, que non, e os seus intereses.
  - Explicación.
  - Realización de tarefas/actividades e exercicios.
- Uso das novas tecnoloxías para a aprendizaxe.
- A base da neurociencia: aprendemos mellor cando nos emocionamos, usando técnicas de relaxación e o traballo coas emocións.

A organización dos alumnos, debido a situación actual, será a preestablecida en cada aula polo titor/a, mais sempre con carácter individual e mantendo as distancias de seguridade.

Finalmente, mencionar que se realizaran distintos tipos de exercicios ao longo destes trimestres. Algúns exemplos son:

- Prácticas de exercicios orais: pregunta-resposta, exposición sobre un tema específico relacionado con obras artísticas, por exemplo.
- Actividades de investigación relacionados coa contorna.
- Exercicios individuais que respectan o propio ritmo individual de aprendizaxe de cada alumno.
- Actividades interactivas e vídeos.

## 8. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado

### 2º Educación Primaria

<b>Avaliación por Competencias cos contidos traballados incluídos nelas</b>	
CCL 25%	CAA 20% A maiores dos estándares, avaliarase a realización de tarefas diarias.
CSC 10% Ademais dos estándares avaliaranse os traballos en grupo realizados.	CSIEE 5% Tamén se valorará a orixinalidade e o esforzo por realizar proxectos que destaquen
CMCCT 10%	CCEC 30%

### 4º Educación Primaria

<b>Avaliación por Competencias cos contidos traballados incluídos nelas</b>	
CCL 25%	CAA 10% A maiores dos estándares, avaliarase a realización de tarefas diarias.
CSC 10% Ademais dos estándares avaliaranse os traballos en grupo realizados.	CD 5% Valorarase o emprego de recursos TIC na busca de información sobre autores e obras. A maiores tamén a busca de recursos para a realización dos traballos.
CMCCT 25 %	CCEC 20%
CSIEE 5%	Tamén se valorará a orixinalidade e o esforzo por realizar proxectos que destaquen

## 6º Educación Primaria

<b>Avaliación por Competencias cos contidos traballados incluídos nelas</b>	
CCL 25%	CAA 10% A maiores dos estándares, avaliarase a realización de tarefas diarias.
CSC 10% Ademais dos estándares avaliaranse os traballos en grupo realizados.	CD 5% Valorarase o emprego de recursos TIC na busca de información sobre autores e obras. A maiores tamén a busca de recursos para a realización dos traballos.
CMCCT 30%	CCEC 20%

## 9. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

Indicador de logro	Si/ Ás veces/ Non	Comentario
Os obxectivos e contidos son os axeitados para conseguir un axeitado grao de desenvolvemento das competencias clave		
Temporalización das unidades didácticas		
A metodoloxía empregada está favorecendo o desenvolvemento das competencias clave		
Os recursos utilizados son axeitados para traballar os contidos propostos		
A utilización das TIC vese reflectida en cada área		
O alumno/a e a súa familia implicanse no proceso educativo		
As medidas adoptadas respecto a atención á diversidade abranguen a tódolos alumnos e alumnas		
Os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe dannos unha información obxectiva para seguir mellorando a nosa práctica educativa		

Os instrumentos de avaliación son suficientes e axeitados		
---	--	--

### **10. Medidas de atención á diversidade**

Tendo en conta a *ORDEN do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Ley orgánica 2/2006, do 3 de maio*, as medidas ordinarias de atención á diversidade, serán as seguintes sempre e cando sexan necesarias:

- Adecuación da programación: resumindo contidos e explicacións, para centrar a atención no máis importante.
- Atención individualizada, dando explicacións individuais dos fallos cometidos para e escribindo comentarios nos traballos, para poder mellorar.

### **11. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda**

Refírense a determinadas necesidades sociais, consideradas de gran transcendencia e que reclaman unha atención prioritaria. A ensinanza destes temas, require o desenvolvemento nos alumnos dunha dimensión ético moral, dunha formación integral, fundamentalmente a través da ensinanza

Os elementos transversais con maior presenza na Área de Educación Artística (Plástica) son: Educación para a Paz e a Tolerancia, Educación en Igualdade de Xénero, Educación Cívica e Moral, Educación para o uso responsable das tecnoloxías en valores.



**12. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas  
en relación cos resultados académicos e procesos de mellora**

<b>Aspectos a avaliar</b>	<b>A destacar</b>	<b>A mellorar</b>	<b>Proposta de mellora</b>
<b>Desenvolvemento da programación</b>			
<b>Relación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe</b>			
<b>Adecuación dos anteriores ás necesidades reais</b>			
<b>Aprendizaxes acadadas polos alumnos</b>			
<b>Medidas de atención á diversidade</b>			
<b>Adecuación de medios e metodoloxía ás necesidades reais</b>			
<b>Coordinación entre o profesorado</b>			